

## **ANEXO I**

**Concrecións do plan de continxencia de EFA Piñeiral ante  
o peche de aula/s ou do centro educativo  
no contexto da Covid-19**

1.- O presente plan desenvolvido por Piñeiral ten como obxectivo concretar como manter o vínculo co alumnado do xeito máis coherente posible de darse un escenario no que fora preciso pechar aula/s ou o Centro e desenvolver toda a formación ou parte de ela en modo non presencial.

2.- Para **garantir a continuidade do proceso educativo de xeito non presencial**, o centro Piñeiral presenta unha **planificación horaria de traballo** do profesorado co seu respectivo alumnado semellante á establecida no modo presencial. Para este fin, establece as medidas necesarias tomando como base a *Resolución do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19.*

O **anexo II** contén os **horarios espellos**. No caso de peche da aula por decisión das autoridades sanitarias, estes horarios teñen como obxectivo continuar co desenvolvemento dun ensino a distancia que garante a debida interacción entre o alumnado e o profesorado de cada curso.

Os horarios espellos son de obrigado cumprimento para o alumnado e para o profesorado do Centro e de referencia para as familias, de xeito que o proceso formativo sexa similar ao do ensino presencial e dea lugar ao correspondente avance nas programacións dos módulos.

O Centro Piñeiral vai usar como horarios espellos os horarios que se estableceron en setembro para a actividade lectiva presencial. Esta decisión fundaméntase na necesidade de non complicar ao alumnado coa nova posible situación de ensino a distancia e de respectar a carga lectiva de cada módulo das distintas familias profesionais que se imparten no centro. Procurarase que, como mínimo, cada profesor/a destine á docencia virtual o 60% do tempo semanal de cada módulo que imparte, e o outro 40% ás tarefas a realizar por parte do alumnado. Pero tamén se

contempla unha certa flexibilidade por parte do docente ao poder este establecer un ritmo distinto para algunha parte moi concreta dos contidos a impartir.

Estes horarios, incorporados no anexo II do plan de continxencia, serán comunicados ao profesorado e ao alumnado para o seu cumprimento. Tamén se informará ás familias a través do medio que o profesor ou profesora encargado de curso usa habitualmente para comunicarse con elas (grupo de difusión de WhatsApp, correo electrónico, teléfono) e estarán publicados na páxina web do centro.

O **anexo III** presenta a **metodoloxía do ensino virtual ante a Covid-19**. Elaborada en base a criterios pedagóxicos, didácticos e metodolóxicos, esta pedagogía permitirá continuar co proceso formativo do alumnado ante eventualidades derivadas da actual crise sanitaria.

**3.-** Para poder garantir o éxito deste protocolo de actuación e para mellorar as competencias dixitais do alumnado, levaronse a cabo **simulacións dende o inicio do curso en setembro**.

**4.- A comunicación** das normas deste plan de ensino virtual, incluíndo os horarios espellos, a metodoloxía a levar a cabo durante o peche da aula e outras concrecións como o control de asistencia, farase a través do profesor/a encargado de curso. Para este fin, o profesorado responsable informará aos pais, nais ou titores legais do alumnado menor de idade e ao alumnado maior de idade de xeito individual mediante chamada de teléfono ou vídeo chamada (cando o tema sexa persoal e privado) ou de xeito grupal (mediante o grupo de difusión de WhatsApp, correo electrónico ou publicación na web do centro, cando se trate de información xeral para o grupo).

**5.-** A concreción das **necesidades de recursos** para o ensino a distancia derivadas dunha situación de peche están recollidas no **anexo V**. No caso de Piñeiral fan referencia a problemas de conectividade dado que o alumnado procede e reside no medio rural galego.

**6.-** Durante o mes de setembro, o **profesorado participou en xornadas TICs** para poñerse a punto na metodoloxía empregada no plan de ensino virtual, obtendo destreza suficiente para afrontar a posta en marcha de dita metodoloxía.

**7 e 8.-** Tal como se recolle no anexo III, **as tarefas para o alumnado asemellaranse o máximo posible ao sistema presencial**, respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso.

Por outro lado, o alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes, tanto se participa no ensino presencial como no non presencial. Polo tanto, **está obrigado participar nas clases** non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia, independentemente da situación de peche ou confinamento. Concretamente ten que ter a cámara do seu dispositivo electrónico activada cando se conecta, e mostrar actitude e postura de traballo.

O profesorado seguirá a facer diariamente o **control de asistencia** mediante as ferramentas habituais.

**9.-** Durante o peche ou confinamento, sempre de acordo coas indicacións sanitarias derivadas da evolución epidemiolóxica e segundo indicacións da xefatura de estudos, o **profesorado poderá seguir o proceso educativo no centro ou no seu domicilio** (no caso de dispoñer alí dos medios adecuados para realizar o servizo e sempre que non sexa necesaria a súa presenza no centro para atender a outros grupos non confinados).

**10.-** A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das aplicación Classroom de Google (aula virtual) e conexión vía Meet tal como se especifica no anexo III. O profesorado realizará o seguimento do alumnado, impartirá os contidos da materia de xeito virtual e poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

**11.-** Cando durante o peche ou confinamento un profesor ou profesora se atope de baixa será o equipo docente do departamento do ciclo (en coordinación coa xefatura de estudos e co apoio da persoa Coordinadora TIC de cada Departamento) quen dispoña provisionalmente recursos formativos para o alumnado ata a incorporación de persoal de substitución ou ata a alta do/a docente.

**12.-** En canto ao **mesmo día do peche**, tal como se reflicte no anexo III:

- a.- A dirección do centro enviará unha comunicación a través do correo electrónico e publicará unha nova na web do centro.

b.- O profesorado implementará na aula virtual os recursos e as actividades necesarias e trasladará orientacións ás familias, especialmente para o alumnado menor de idade. Estes recursos poderán remitirse aos libros de texto, a fichas específicas e a actividades en liña, entre outros.

**13.-** Durante o peche ou confinamento o **profesorado continuará coa súa labor docente** de acordo co previsto no apartado 30 do *Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021* (Normas específicas relativas a metodoloxías na aula e programacións) e no apartado 3 das *Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato* (Programacións didácticas).

**14.-** En canto a **atención ao alumnado** que deba permanecer **en illamento**, mesmo cando non se produza o peche ou confinamento da aula ou centro, responderá ao previsto con carácter xeral no artigo 25 do *Decreto 229/2011, do 7 de decembro*, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación así como no apartado 3 do Protocolo de atención educativa domiciliaria.

En concreto, no caso de que o alumno/a se encontre en illamento preventivo debe estar conectado coa aula virtual dende a primeira hora de clase ata a derradeira. Porá ter conexións vía Meet cando o profesor ou profesora do módulo o considere oportuno para unha sesión explicativa ou ben para aclarar dúbidas. O titor ou titora correspondente estará atento e interesarse pola súa evolución, podendo levar a cabo a titoría mediante vídeo chamada se o illamento se prolonga.

**15.-** A **actividade educativa durante o peche ou confinamento estará sometida aos principios xerais de inspección educativa** previstos no Decreto 99/2004, do 21 de maio, polo que se regula a organización e o funcionamento da Inspección Educativa e o

acceso ao corpo de inspectores de Educación na Comunidade Autónoma de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento, especialmente no relativo ao previsto nas liñas a), b) c) e d) do Artigo 6, podendo requirir acceso aos servizos de auditoría e rexistro das citadas ferramentas de acordo co previsto nesta normativa.

**16.-** Finalmente, garantírase en todo momento a **atención a diversidade do alumnado** para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades. Tendo en especial atención ás adaptacións que precisen aqueles alumnos/as con dificultades para a aprendizaxe e aos protocolos de atención á diversidade que se precisen.

## ANEXO II

### HORARIOS ESPELLOS DO CENTRO EFA PIÑEIRAL

CM - 1º actividades Comerciais					
	L	Mt.	Mc.	X	V
08:30 - 09:30	PV	MAC	PV	DPV	AIC
09:30 - 10:30	AIC	AIC	MAC	DPV	XC
10:30 - 11:30	DPV	DPV	MAC	FOL	Inglés
12:00 - 13:00	MAC	XC	DPV	FOL	MAC
13:00 - 14:00	Inglés	PV	FOL	PV	FOL
14:00 - 15:00	Inglés	FOL	XC	EE	Inglés
16:00 - 17:00	Titoría alumnado			EP	
17:00 - 18:00		Titoría familias		OPT	

CM - 2º actividades Comerciais					
	L	Mt.	Mc.	X	V
08:30 - 09:30	EP	XPC	VT	TA	XPC
09:30 - 10:30	CE	CE	XPC	SAC	XPC
10:30 - 11:30	XPC	CE	XPC	TA	SAC
12:00 - 13:00	SAC	TA	SAC	XPC	VT
13:00 - 14:00	TA	TA	VT	VT	CE
14:00 - 15:00	VT	SAC	CE	CE	CE
16:00 - 17:00	Titoría alumnado			SAC	
17:00 - 18:00		Titoría familias			

<b>CM 1º de Coidados Auxiliares de enfermaría</b>					
	L	Mt.	Mc.	X	V
08:30 - 09:30	TBE	PS	FOL	TBE	FOL
09:30 - 10:30	PS	TBE	PS	TBE	TBE
11:00 - 12:00	TAO	TBE	TAO	PS	HMH
12:00 - 13:00	TBE	TBE	TAO	TAO	HMH
13:00 - 14:00	OADS	HMH	RET	OADS	RET
14:00 - 15:00	HMH	EP		HMH	TBE
16:00 - 17:00	Titoría alumnado		TBE		
17:00 - 18:00		Titoría familias	OPT		

<b>CM 1º de Panadaría, repostaría e confeitaría</b>					
	L	Mt.	Mc.	X	V
08:30 - 09:30	EPB	EP	EPB.	Proc. Past.	FOL
09:30 - 10:30	EPB	Proc	EPB	Proc. Past.	FOL
11:00 - 12:00	EPB	Proc	EPB	SH	MP
12:00 - 13:00	EPB	Proc	EPB	MP	MP
13:00 - 14:00	EPB	Proc	EPB	MP	OA
14:00 - 15:00	EPB	Proc		FOL	EE
16:00 - 17:00	Titoría alumnado		Proc		
17:00 - 18:00		Titoría familias	Opt		

<b>CM 2º de Panadaría, repostaría e confeitaría</b>					
	L	Mt.	Mc.	X	V
08:30 - 09:30	EIE	EP	Sob	Elab	PO
09:30 - 10:30	PV	Elab	Sob	Elab	PO
11:00 - 12:00	EIE	Elab	Sob	Elab	PO
12:00 - 13:00	EIE	Elab	Sob	Sob	PO
13:00 - 14:00	PV	Elab	PO	Sob	PO
14:00 - 15:00	PV	Elab		Sob	PO
16:00 - 17:00	Titoría alumnado		PO		
17:00 - 18:00		Titoría familias	Opt		



CS 1º de Marketing e Publicidade					
	L	Mt.	Mc.	X	V
08:30 - 09:30	IC	FOL	XEF	FOL	MD
09:30 - 10:30	PM	XEF	IC	FOL	PM
10:30 - 11:30	Inglés	XEF	PM	PM	XEF
12:00 - 13:00	Inglés	MD	XEF	MD	Inglés
13:00 - 14:00	MD	PM	MD	IC	Inglés
14:00 - 15:00	MD	PM	FOL	XEF	FOL
16:00 - 17:00	Titoría alumnado			PM	
17:00 - 18:00		Titoría familias		Opt	

CS 2º de Xestión de vendas e espazos comerciais					
	L	Mt.	Mc.	X	V
08:30 - 09:30	LOX	LOX	XPP	TVN	OEV
09:30 - 10:30	LAL	LOX	ESC	LOX	LAL
10:30 - 11:30	LAL	OEV	OEV	LOX	LAL
12:00 - 13:00	ESC	TVN	XPP	ESC	XPP
13:00 - 14:00	ESC	XPP	TVN	ESC	XPP
14:00 - 15:00		LAL	TVN	EP	OEV
16:00 - 17:00	TVN		Titoría		
17:00 - 18:00	OPT	Titoría familias			

## ANEXO III

### METODOLOXÍA DO ENSINO VIRTUAL ANTE A COVID-19

Esta metodoloxía establécese como recurso en caso de corentena ou de confinamentos parciais ou totais para ofrecer ao alumnado unhas rutinas similares ás do ensino presencial, garantindo a interacción entre alumnado e profesor/a, a realización de tarefas e a avaliación do progreso.

Está elaborada en base a criterios pedagóxicos, didácticos e metodolóxicos que permitirá continuar co proceso formativo do alumnado ante estas ou outras eventualidades derivadas da actual crise sanitaria.

Esta actividade lectiva a distancia caracterízase polos seguintes puntos:

**1.-** A actividade lectiva non presencial será **impartida polo profesor/a titular de cada módulo** a través das seguintes ferramentas

- Conexión vía **Meet** (aplicación de Google) que permite a interacción en tempo real, compartir contidos e a realización de exercicios e tarefas.
- **Classroom** como aula virtual ( aplicación de Google). Esta ferramenta dixital de traballo permite dispoñer dun espazo de almacenamento *online* para organizar os contidos das unidades didácticas, as tarefas realizadas, a avaliación correspondente e as mensaxes comunicadas por ambas partes (profesor/a – alumno/a).

**2.-** O profesorado e o alumnado do grupo **deberán conectarse á aula virtual do módulo que corresponda no horario espello do curso.**

O enlace para a vídeo conferencia que permite establecer a conexión entre os integrantes de cada clase e o docente será creado con suficiente anticipación por este na aula virtual do módulo que corresponda para favorecer o aproveitamento do período lectivo.

- 3.- O docente realizará o **seguimento do alumnado**, impartirá os contidos da materia de xeito virtual e poñerá tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
- 4.- **As tarefas** para o alumnado **asemellaranse o máximo posible ao sistema presencial**, respectando o dereito do alumno/a ao seu lecer e descanso.
- 5.- O alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial. Polo tanto, **está obrigado participar nas clases non presenciais con aproveitamento** e está sometido ás mesmas normas de convivencia, independentemente da situación de peche ou confinamento. Concretamente ten que ter a cámara do seu dispositivo electrónico activada cando se conecta, e mostrar actitude e disposición de traballo.
- 6.- O profesorado seguirá a facer diariamente o **control de asistencia** mediante as ferramentas habituais.
- 7.- Durante o peche ou confinamento, sempre de acordo coas indicacións sanitarias derivadas da evolución epidemiolóxica e segundo indicacións da xefatura de estudos, o **profesorado poderá seguir o proceso educativo no centro ou no seu domicilio** (no caso de dispoñer alí dos medios adecuados para realizar o servizo e sempre que non sexa necesaria a súa presenza no centro para atender a outros grupos que no estean confinados).
- 8.- A dirección do centro, a través da xefatura de estudos, requerirá ao final de cada semana, unha relación das actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido. Este informe, que poderá ser requerido pola Inspección, terá o seguinte formato que se recolle no ANEXO IV.
- 9.- O profesor/a encargado de curso xunto co titor ou titora de cada alumno ou alumna con dificultades de aprendizaxe velarán polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade e coordinará a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.
- 10.- Na distribución horaria estableceuse unha sesión de titoría para o alumnado e outra para as familias.

**ANEXO IV**

**MODELO DE INFORME SEMANAL DE ACTIVIDADES**

<b>CM - 1º de Actividades Comerciais</b>			
<b>Módulo</b>	<input type="text"/>	<b>Profesor/a</b>	<input type="text"/>
<b>Período</b>	<input type="text"/>	<b>Nº clases</b>	<input type="text"/>
<b>Clase 1</b>	Tarefa do profesor/a		
	Tarefa do alumnado:		
<b>Clase 2</b>	Tarefa do profesor/a:		
	Tarefa do alumnado:		
<b>Clase 3</b>	Tarefa do profesor/a:		
	Tarefa do alumnado:		
<b>Clase 4</b>	Tarefa do profesor/a:		
	Tarefa do alumnado:		
<b>Clase 5</b>	Tarefa do profesor/a:		
	Tarefa do alumnado:		

## ANEXO V

### RELACIÓN DE ALUMNOS CON PROBLEMAS DE CONECTIVIDADE

<b>CICLOS</b>	<b>Nº ALUMNOS CON PROBLEMAS NA CONEXIÓN</b>
CM 1º de PANADARÍA, REPOSTARÍA E CONFITARÍA	1
CM 2º de PANADARÍA, REPOSTARÍA E CONFITARÍA	2
CM DE COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMARÍA	3
CM 1º de ACTIVIDADES COMERCIAIS	2
CM 2º de ACTIVIDADES COMERCIAIS	2
CS 1º de XESTIÓN DE VENDAS E ESPAZOS COMERCIAIS	1
CS 2º de XESTIÓN DE VENDAS E ESPAZOS COMERCIAIS	2
CS 1º DE EDUCACIÓN INFANTIL	3